

RESOLUCIÓN REITORAL DO 6 DE XUÑO DE 2017 POLA QUE SE FAI PÚBLICA UNHA CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NA VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE PARA O APOIO EN LABORES DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS PARA O CURSO 2017-2018.

O estudantado da Universidade de Vigo (UVIGO), de conformidade co establecido no artigo 100.d dos seus estatutos, Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 105 dos referidos estatutos, poderá ofrecer ao seu estudantado estas bolsas de colaboración nos servizos de asistencia á comunidade universitaria como programas complementarios de axudas para cubrir as necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas.

A finalidade das bolsas é fomentar unha mellor formación do alumnado a través do servizo que poida prestar á comunidade universitaria; colaborando en labores que se axusten a determinadas áreas de traballo definidas na presente convocatoria, en réxime de compatibilidade cos seus estudos e iniciándose así en tarefas vinculadas aos mesmos.


Segundo as facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta Universidade, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Anunciar a convocatoria de dúas bolsas para a formación complementaria do alumnado da UVIGO en apoio ás labores de difusión das actividades na Vicerreitoría do Campus de Ourense, en réxime de concurrencia competitiva.
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros de anuncios de todos os centros, no rexistro xeral e auxiliares da UVIGO e na páxina web <http://vicou.uvigo.es>.

As bolsas solicitaranse no modelo oficial, **ata o día 26 de xuño de 2017**. A solicitude presentaranse, xunto coa documentación requirida, nos rexistros da UVIGO ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.


Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo, con data **7** de xuño de 2017.

A xefa da Área de Servizos a Comunidade



BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NA VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE PARA O APOIO EN LABORES DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO CURSO 2017-2018.

I. OBXECTO

O obxecto das bolsas é a formación complementaria do estudiantado da Universidade de VIGO en labores de difusión nas actividades organizadas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

As bolsas están destinadas ao estudiantado da Universidade de VIGO que estea matriculado no curso 2017/18 realizando estudos conducentes a obter un título oficial de grao, ou mestrado.

En todo caso, as persoas solicitantes deberán ter superados o 50% dos créditos totais dos estudos de grao; ou o 100% dos créditos da titulación que lle da acceso ao mestrado. O último día da presentación das solicitudes será o que se teña en conta aos efectos de determinar a superación destes créditos.

As persoas destinatarias deben acreditar, mediante o currículo, un nivel de coñecementos adecuado que lles permita o aproveitamento das labores propias das bolsas. Estes requisitos serán avaliados de forma obxectiva a partir dos criterios establecidos nesta convocatoria.

As persoas beneficiarias das bolsas deberán estar matriculado na Universidade de VIGO durante todo o período de duración da bolsa.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

III. CARACTERÍSTICAS DAS BOLSAS

A Vicerreitoría do Campus de Ourense está interesada en que o seu alumnado poda adquirir as competencias necesarias para mellorar o seu acceso ao emprego.

A finalidade destas bolsas é a formación das persoas seleccionadas na difusión das distintas actividades organizadas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense. En todo momento, o alumnado bolseiro estará baixo a supervisión dunha persoa titora.

O obxecto das bolsas é ampliar e mellorar a formación do alumnado no desenvolvemento de actividades relacionadas coa mellora das habilidades no uso efectivo das redes sociais. Trátase dun vehículo de comunicación coa xuventude universitaria e farase aplicando os coñecementos adquiridos nas distintas titulacións.

O contido do **plan formativo** está composto polas seguintes liñas:

- 1.- O apoio á elaboración da memoria anual das actividades deportivas e culturais.
- 2.- O apoio á elaboración do arquivo documental: a clasificación do arquivo de prensa, das accións comunicativas xeradas e do material gráfico distribuído.

3.- O apoio á xestión e a actualización da páxina web da Vicerreitoría do Campus de Ourense: os contidos, a estrutura, a promoción, etc.

4.- A colaboración na dinamización e a elaboración de contidos nas redes sociais da área de deportes e das actividades culturais do Campus de Ourense: facebook, twitter, etc.

A formación técnica para o persoal bolseiro consistirá nunhas sesións formativas presenciais ao inicio da prestación da bolsa e o seguimento ao longo do período da mesma. A Vicerreitoría do Campus de Ourense nomeará á persoa que imparta esta formación que tamén se responsabilizará do desempeño das actividades de colaboración e da orientación no desenvolvemento das bolsas.

As funcións das persoas bolseiras consistirán na elaboración da memoria de actividades deportivas e do arquivo documental; a xestión e a actualización da páxina web da Vicerreitoría do Campus de Ourense e a elaboración dos contidos das redes sociais da área de deportes e das actividades culturais do Campus de Ourense.

IV. INCOMPATIBILIDADES

O goce das bolsas de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

O goce destas bolsas será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria ou colaboración convocada pola UVIGO. Ademais, o estudantado non poderá gozar dunha bolsa co mesmo obxecto, «formación complementaria ou de colaboración do estudantado da UVIGO» por un período superior a vinte meses, contabilizados de forma consecutiva ou descontinua. Este límite terase en conta no momento da avaliación dos méritos. O cómputo do tempo de bolseiro/a farase por meses completos. No caso de que o goce da bolsa se inicie antes do día 15 ou finalice despois desta data, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite dos vinte meses.

No caso de que a persoa bolseira goce dalgunha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD, deberá solicitar á Vicerreitoría do Campus de Ourense a súa compatibilidade. En caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

V.- DURACIÓN

A duración máxima das bolsas será de dez meses, rematando o 30 de xuño de 2018 e non comenzando antes do 1 de setembro de 2017.

O tempo de dedicación será dun máximo de 14 horas semanais.

VI. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica bruta máxima mensual de cada bolsa será de 291,94€ e estará suxeita á retención do I.R.P.F. e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que establece a normativa vixente nestas materias.

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo das seguintes aplicacións orzamentarias:

- **2017 OUR1 211E 482.11:** o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 2.640,00.- euros (2.335,52.- euros por dotación bruta das bolsas e de 304,48- euros en concepto de cota patronal).

- **2018 OUR1 211E 482.11:** o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 3.960,00 - euros (3.503,28.- euros por dotación bruta das bolsas e de 456,72.- euros en concepto de cota patronal).

O pagamento farase efectivo por períodos mensuais vencidos nos primeiros sete días. Retribuiranse as horas realizadas nese período segundo o establecido nesta convocatoria, co máximo de 20 horas semanais. Para facelo efectivo, a persoa beneficiaria da bolsa debe estar ao corrente nos seus pagos de matrícula coa Universidade.

Se a actividade a desenvolver pola persoa bolseira en cada mes non se adecúa ás condicións fixadas nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real realizada, a persoa coordinadora emitirá un informe no que fará constar a actividade realizada nese período e achegarao á Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe pode ser tido en conta en futuras convocatorias.

VII. ORGANIZACIÓN

Os bolseiros e as bolseiras estarán baixo a responsabilidade da Vicerreitoría do Campus de Ourense que poderá delegar nunha persoa coordinadora o seu seguimento.

O tempo de dedicación será dun máximo de 14 horas semanais e teranse en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico. Excepcionalmente, tras a oportuna xustificación, poderase establecer outro tempo de dedicación sempre e cando non supere o 50% do curso académico de acordo co disposto no artigo 5.1.b) do R.D. 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario.

A dedicación de cada bolseiro/a debe adecuarse á súa carga lectiva. A persoa bolseira poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación entre as distintas semanas dentro do mesmo mes.

VIII. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTOS

As persoas solicitantes deberán cubrir o impreso de solicitude que figura como Anexo I desta convocatoria. A solicitude presentarse dende o día seguinte á publicación desta convocatoria **ata o 26 de xuño de 2017**.

A solicitude presentarse no rexistro, xeral e auxiliares da UVIGO ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Xunto coa solicitude debe presentar a seguinte **documentación**:

1. O currículo no que se indicará a formación e as actividades realizadas que se consideren de interese para o desenvolvemento da bolsa xunto cos documentos acreditativos dos méritos alegados e das horas correspondentes a cada actividade.
2. A certificación académica persoal dos estudos realizados fóra da Universidade de Vigo.
3. Solicitude de compatibilidade coa bolsa no caso de que o alumnado teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD.
4. Declaración do compromiso de matrícula para o curso 2017/18.
5. Fotocopia do D.N.I, NIE ou pasaporte en vigor.
6. Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderán requirir aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola UVIGO para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a UVIGO no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, Campus Universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

IX. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes, a Área de Bolsas, comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará unha **listaxe de persoas admitidas e excluídas provisional**. Así mesmo, indicará os motivos de exclusión e daralles un prazo de **cinco días hábiles** para emendar os erros e achegar a documentación requirida, advertíndoselles ás persoas solicitantes que, no caso de non facelo, se lles dará por desistidos neste proceso.

Emendados os erros, a Área de Bolsas elaborará e publicará unha **listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva**, indicando o motivo de exclusión de ser o caso. Ao mesmo tempo, achegará á Vicerreitoría do Campus de Ourense as solicitudes e a documentación a través do correo electrónico.

O proceso de selección farase por unha **Comisión de Avaliación** que será designada polo reitor e estará formada por:

- O vicerreitor do Campus de Ourense ou a persoa en quen delegue.
- O responsable do Servizo de Deportes no Campus de Ourense ou a persoa en que delegue
- A persoa xestora das actividades culturais do Campus de Ourense ou a persoa en quen delegue.
- Un/ha representante do persoal docente do Campus de Ourense que sexa membro do Consello de Campus.
- Un/ha representante do alumnado do Campus de Ourense que sexa membro do Consello de Campus.

A Comisión de Avaliación valorará as candidaturas presentadas tendo en conta os seguintes **criterios e baremos**:

- A cualificación media do expediente académico: ata 2 puntos.
- A cualificación media do expediente vencellado (materias relacionadas coas tecnoloxías de información e da comunicación incluídas nos planos de estudo das titulacións oficiais): ata 4 puntos.
- Os méritos relacionados coa convocatoria (terase en conta o último día da presentación das solicitudes a estes efectos): ata 4 puntos.

A Comisión de Avaliación remitiralle á Área de Bolsas os acordos nos que se valoran os candidatos e as solicitudes denegadas. Ademais indicará as causas de denegación coa puntuación obtida en cada caso.

Rematado o proceso de selección pola comisión, a Área de Bolsas publicará unha **resolución** coas listaxes **provisionais** das persoas seleccionadas e excluídas, coas causas de exclusión. As persoas interesadas, disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, que contarán dende o día seguinte a publicación, para presentar as alegacións que consideren.

Unha vez revisadas as alegacións pola Comisión, esta elevará unha proposta de resolución coas listaxes definitivas de concedidas o denegadas coas causas de denegación e a listaxe de agarda por orde de maior a menor puntuación para cubrir as posibles renuncias que poidan producirse.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos taboleiros da Vicerreitoría do Campus de Ourense, no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo, na páxina web <http://vicou.uvigo.es> e na páxina web da Universidade.

X. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas bolseiras propostas presentaranse, ante a persoa coordinadora, o día, no lugar e na hora indicados na resolución definitiva. Transcorrido este prazo, entenderase que a persoa que non se presente renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado por outro/a solicitante atendendo á listaxe de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa, farase por escrito e comunicarse á persoa coordinadora con 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada será penalizada e impedirlle, á persoa solicitante, o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. A Vicerreitoría do Campus de Ourense será o órgano encargado de avaliar as causas alegadas.

XI. OBRIGAS

As persoas que se benefician das bolsas teñen as seguintes obrigas:

- Cumprir o horario semanal. A persoa responsable porase de acordo co alumnado de xeito que sexa compatible co seu horario lectivo.
- Estar matriculado na UVIGO durante todo o período de duración da bolsa.
- Solicitar a compatibilidade no caso de gozar dunha axuda distinta ao estudio.
- As persoas beneficiarias debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sea de aplicación.

XII. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión desta bolsa e a permanencia na listaxe de agarda será revogada polos seguintes motivos:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- A ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información solicitada.
- Incorrer nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria (véxase o punto IV).
- Non estar matriculado na UVIGO durante todo o período de duración da bolsa.
- A emisión dun informe desfavorable da persoa coordinadora por incumprimento do desenvolvemento propio do obxecto da bolsa.

A revogación suporá o reintegro das cantidades aboadas

XIII. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense.

Calquera reclamación ou queixa dun bolseiro ou bolseira farase chegar á Vicerreitoría do Campus de Ourense a través da persoa coordinadora.

O goce da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. (publicado no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social).

Os bolseiros e as bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa UVIGO. A concesión da bolsa non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos/as interesados/as aos cadros de persoal da Universidade.

**CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UVIGO
NA VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE
PARA O APOIO EN LABORES DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO CURSO 2016/17**

ANEXO I

•IMPRESO DE SOLICITUDE

Denominación da convocatoria: **Bolsas de colaboración na Vicerreitoría do Campus de Ourense para o apoio en labores de difusión das actividades culturais e deportivas para o curso 2016/17**

CANDIDATO/A

APELIDOS:		NOME:	
D.N.I.	ENDEREZO:		
C. POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
CORREO ELECTRÓNICO:	TELÉFONO MÓBIL:		
TELÉFONO FIXO:	MATRICULADO/A EN:		

Nota: Co fin de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable poñer o teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.

•DOCUMENTACIÓN ENTREGADA

- | | |
|--|--------------------------|
| 1.- Currículo relacionado co obxecto da convocatoria | ☐ |
| 2.- Certificación académica dos estudos realizados fóra da U. Vigo | ☐ |
| 3.- Documentos acreditativos dos cursos de formación e das actividades relacionadas coa convocatoria | ☐ |
| 4.- Xustificante/s de gozar de outras bolsas distintas ás de axuda ao estudo..... | ☐ |
| 5.- Declaración responsable de estar ao corrente de las obrigas tributarias e coa Seguridade Social. | ☐ |
| 6.- Ficha persoal de pagamentos selada polo banco (véxase Anexo II) | ☐ |
| 7.- Declaración co compromiso de matrícula na UVIGO no curso 2017/18 | ☐ |
| 8.- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte | ☐ |

Nota: O alumnado que xa se presentou nas convocatorias anteriores e non desexe achegar ningunha documentación nova, debe presentar únicamente esta folla e riscar o seguinte apartado:

Dou por válida a documentación presentada na anterior convocatoria e que está depositada na sede da Vicerreitoría do Campus de Ourense ☐

Ourense, dede 2017

Sinatura do solicitante

SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE OURENSE

FICHA PESSOAL DE PAGAMENTOS POR TRANSFERENCIA
FICHA PERSONAL DE PAGOS POR TRANSFERENCIA

DATOS PERSONAIS / DATOS PERSONALES.

DATOS A CUBRIR POLO INTERESADO	
DATOS A CUBRIR POR EL INTERESADO	
Nº DE C.I.F. OU N.I.F. (Achegar copia):	
Nº.DE C.I.F. O N.I.F. (Adjuntar copia):	
NOME DO PRECEPTOR:	
NOMBRE DEL PRECEPTOR:	
NOME COMERCIAL:	
NOMBRE COMERCIAL:	
ENDEREZO FISCAL:	
DOMICILIO FISCAL:	
CÓDIGO POSTAL:	POBOACIÓN:
CÓDIGO POSTAL:	POBLACIÓN:
TELÉFONO CON PREFIXO:	
TELÉFONO CON PREFIJO:	
SELO DA EMPRESA (se procede):	SINATURA:
SELLO DE LA EMPRESA (si procede):	FIRMA:

DATOS BANCARIOS / DATOS BANCARIOS.

CÓDIGO CONTA-CLIENTE / CÓDIGO CUENTA-CLIENTE																					
ENTIDADE OFICINA VALID. Nº. DE CONTA (DEZ DÍXITOS)	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 5%; text-align: center;">E</td> <td style="width: 5%; text-align: center;">S</td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> <td style="width: 5%;"></td> </tr> </table>	E	S																		
E	S																				

ENDEREZO DO BANCO / CAIXA:
DIRECCIÓN DEL BANCO / CAJA:

SINATURA E SELO DO BANCO / CAIXA:
FIRMA Y SELLO DEL BANCO / CAJA: